

# A ÁRBORE DA ESCOLA

Texto de ANTONIO SANDOVAL

Ilustracións de EMILIO URBERUAGA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €. PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

**A árbore da escola** (galego)

ISBN 978-84-8464-259-6. Demademora

**El árbol de la escuela** (castelán)

ISBN 978-84-8464-258-9. Libros para soñar.

**L'arbre de l'escola** (catalán)

ISBN 978-84-8464-264-0. Llibres per a somniar.

**Eskolako arbola** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-954-8. Autore liburuak lehen. Irakurleak.

**A árvore da escola** (portugués)

ISBN 978-989-749-067-5. Livros para sonhar.

No patio da escola había unha árbore. Só unha.

A Pedro gustáballe correr preto daquela árbore durante os recreos. Cando pasaba ao seu lado mirábaa de esguello, para non chocar con ela. Un día, detívose e fíxose no seu aspecto. Era moi delgada, con pólas finas, como de arame, e tiña unhas poucas follas secas. Pedro achegouse e acariñou o seu tronco...


A importancia da educación ambiental, o contacto directo do alumnado coa natureza para a súa formación integral e o espírito colaborativo na comunidade educativa están presentes en "A árbore da escola". Esta historia de estrutura circular narra -cunha linguaxe sinxela- a relación entre un neno e unha pequena árbore que vai medrando grazas ao agarimo que recibe del, e ao afecto doutros compañeiros que seguen o seu exemplo. Malia a reticencia inicial a que interactuaran coa árbore, a propia mestra acaba sumándose tamén á iniciativa dos alumnos, que conseguen chamar a atención dos botánicos.

O autor toma a licenza temporal de comprimir nas páxinas deste álbum un proceso que duraría anos, concentrando simbolicamente nun mesmo grupo de nenos e de nenas a acción voluntaria de protexer a árbore. Pero vai máis aló, ao impulsar que esta proposta teña continuidade noutros colexios, facendo viaxar a súa semente e, con ela, a conciencia social de respecto ao medio ambiente e ao planeta.

Aínda que transcorre no reducido espazo físico que ocupa o patio dunha escola, Emilio Urberuaga -Premio Nacional de Ilustración 2011- sitúa os lectores en diferentes puntos de vista e fai discorrer o tempo a través do ir e vir dos personaxes, dos cambios meteorolóxicos e do progresivo desenvolvemento da árbore. As ilustracións destacan polo seu colorido, a expresividade de cada escena e a presenza de elementos alleos ao texto que enriquecen a lectura visual.

*"A árbore da escola deste libro é o emblema de como un proxecto educativo novidoso e integrador, cando se mima de verdade, medra e medra e acaba por chegar a outras escolas".*

[Antonio Sandoval]



- **Temática:** educación ambiental, natureza, os afectos.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** botánica, tipos de árbores, plantas; sensibilidade ambiental, coidado do planeta; educación das emocións; do autor de "A Torre" (Kalandraka); do ilustrador de "As catro estacións. Vivaldi" e "A árbore dos soños" (Kalandraka).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-arbore-da-escola-g>

## Antonio Sandoval

(A Coruña, 1967)


Escritor, comunicador ambiental e ornitólogo. É autor de "¿Para qué sirven las aves?", "Las aves marinas de Estaca de Bares. Un diario personal", a novela "BirdFlyway. Un viaje en familia por la Ruta de las Aves", e coautor de "Cuándo ver Aves en Galicia". Colabora con diversos medios de comunicación e forma parte do equipo 'Prensa Escuela' de La Voz de Galicia. Participou en numerosos proxectos de educación ambiental, interpretación do patrimonio, turismo de natureza, e está vencellado a varias organizacións de estudo e conservación do medio natural.

<http://antoniosandovalrey.weebly.com>

## Emilio Urberuaga

(Madrid, 1954)

Galardoado en 2011 co Premio Nacional de Ilustración pola súa traxectoria artística, que comezou na década de 1980. Dende entón a súa obra está nas principais fundacións e museos do mundo. Creador da imaxe do célebre personaxe 'Manolito Gafotas', ilustrou preto dun cento de libros infantís publicados en varias editoriais, entre os que destaca "As catro estacións: Vivaldi" (KALANDRAKA). Recibiu tamén o VII Premio Anaya, o Premio Crítica Serra d'Or e foi incluído na lista The White Ravens.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com